



Caderno da crítica

Cuestionario Proust: María Xosé Queizán

Ramón Nicolás 12 Febreiro 2016

1. – Principal trazo do seu carácter?

-A firmeza.

2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?

-A veracidade.

3.– Que agarda das súas amizades?

-Fidelidade.

4.– A súa principal eiva?

-Inflexibilidade.

5.– A súa ocupación favorita?

-Escribir.

6.– O seu ideal de felicidade?

-Ter con quen conversar en temas coincidentes, con sentido de humor.

7.– Cal sería a súa maior desgraza?

-Deixar de pensar. Se non penso, quero morrer.

8.– Que lle gustaría ser?

-O que son.

9.– En que país desexaría vivir?

-No que vivo. Tendo oportunidade de coñecer outros. Teño as raíces nesta terra pero son aéreas.

10.– A súa cor favorita?

-Todas. Depende para que. Para vestir, o negro ten múltiples referencias: a beleza e elegancia da miña nai viúva. O existencialismo da xuventude.

11.- A flor que máis lle gusta?

–*L'important c'est la rose*, non o dubido, pero admiro ás invernais, arriscadas e efémeras: a camelia, a magnolia negra, a mimosa. Para a casa, o aroma dos nardos, máxima exaltación ao regresar á noite.

12.– O paxaro que prefire?

– A pega. A única que se arriscou polo oco de ventilación para que a atopase de mañá ao coller o tarro de azucre na despensa.

13.– A súa devoción na prosa?

– Non son propensa a devocións. Pero, necesito crimes para durmir. Na mesiña de noite sempre teño novelas de suspense, investigación e intriga. A realidade social, desaparecidos os Balzacs, está nesta literatura.

14.– E na poesía?

– Considéroa un xénero serio. Necesita un pensamento e unha estrutura previa. O azar xoga o seu papel e ás veces a gaita soa por casualidade.

15.– Un libro?

– O azar e a necesidade de Jacques Monaud, a principios dos anos 70.

16.– Un heroe de ficción?

– O Quixote.

17.– Unha heroína?

– A ama de casa.

18.– A súa música favorita?

– O jazz. A música afroamericana.

19.– Na pintura?

– Creación, orixinalidade con liñas, cores, texturas,

20.– Un heroe ou heroína na vida real?

– Rosa Luxemburgo.

21.– O seu nome favorito?

– Soan ben os rematados en –l ou –r. Samuel, Leonor...

22.– Que hábito alleo non soporta?

– A indolencia.

23.– O que máis odia?

– Non odio.

24.– A figura histórica que máis despreza?

– Aquelas que fan o mal mediante intermediarios.

25.– Un feito militar que admire?

-Organización.

26.– Que don natural lle gustaría ter?

-Memoria.

27.– De que maneira lle gustaría morrer?

-Non quero morrer. De ser preciso, por algo positivo.

28.– Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

– A disposición para emprender unha acción.

29.– Que defectos lle inspiran máis indulxencia?

-A inconsciencia. Dos físicos, todos.

30.– Un lema na súa vida?

-Comunicar, transmitir, transgredir.